

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 5 DE DECEMBRO DE 2018

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Prada Rodríguez, Julio

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI contratado

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

García Cabo, Manuel

López Verísimo, Rubén

Núñez Remacho, Virginia

Rodríguez Álvarez, Lucía

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas Josefa

Desculpan a súa ausencia:

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

PDI

López Díaz, María

Valín Fernández, Alberto

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o mércores 5 de decembro de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da proposta do Tribunal do Premio Extraordinario de Grao do curso 2017/2018 da Facultade de Historia.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da proposta do Tribunal do Premio Extraordinario de Grao do curso 2017/2018 da Facultade de Historia.

Indica a decana aos membros presentes nesta sesión e que non puideron estar na anterior xunta de facultade na que se tratou este tema que o Regulamento de Premios Extraordinarios de Grao Universitario establece no *apartado 3*: *Poderán optar aos premios extraordinarios as persoas que finalicen os seus estudos de grao na Universidade de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:*

- a) *Ter cursado na Universidade de Vigo, polo menos, 180 créditos da titulación, incluídos os créditos recoñecidos por actividades recollidas no punto 8 do artigo 12 do RD 861/2010.*
- b) *Acadar unha puntuación media no seu expediente académico que estea no rango do 10% superior das cualificacións medias da súa promoción.*

Baixo estes requisitos para acadar o premio a media no plan novo (G251) debería ser superior a 8,834 e no plan vello (G250), por riba de 7.528. Revisadas as notas medias observouse que ningún alumno/a pode postularse como candidato/a. Procedeuse a facer a consulta á Secretaría Xeral por se dada as circunstancias houbera unha alternativa, pero non é posible coa normativa existente. É a primeira vez que pasa. A filosofía da norma é que debe haber unha persoa que destaque sobre os demais.

Os membros presentes reunidos en xunta de facultade do día 27 de novembro de 2018, mostraron a súa contrariedade a que o premio quedara deserto. Decidíndose, que se remitiría á Secretaría Xeral un acordo no que a xunta de facultade mostre a súa desconformidade.

Vista a normativa reguladora e examinados os expedientes do alumnado, o tribunal designado ao efecto, acordou deixar deserto o premio.

Aprobábase por asentimento a proposta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.25 h do día 5 de decembro de 2018, da que eu como secretaria, dou fe co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba